



**CES**  
GALICIA  
Consello Económico e Social de Galicia

I N F O R M E



**SITUACIÓN ACTUAL E  
PERSPECTIVAS DOS FONDOS  
ESTRUCTURAIS EUROPEOS:  
A SÚA INCIDENCIA  
E DISTRIBUCIÓN EN GALICIA**

Aprobado polo Pleno na súa sesión do 12 de xaneiro de 1998






---

## ÍNDICE

---

<b>1.- ANTECEDENTES</b>	<b>5</b>
1.1.- Xénese do informe	
1.2.- Obxecto do informe	
1.3.- Metodoloxía e alcance do informe	
<b>2.- CONTIDO</b>	<b>7</b>
2.1.- Información xeral	
2.1.1.- Introducción	7
2.1.2.- Bases xurídicas	13
2.1.3.- Descrición dos fondos estruturais	19
2.1.4.- Descrición das iniciativas comunitarias	29
2.2.- Fondos comunitarios competencia da Xunta de Galicia	39
2.2.1.- O Fondo Europeo de Orientación e Garantía Agrarias (FEOGA)	41
2.2.2.- O Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER)	55
2.2.3.- O Fondo Social Europeo (FSE)	87
2.2.4.- O Instrumento Financeiro de Orientación da Pesca (IFOP)	107
2.2.5.- O Fondo de Cohesión	137
2.2.6.- Iniciativas comunitarias	145
2.3.- Fondos comunitarios competencia da Administración Local	159
2.4.- Fondos comunitarios competencia da Administración Central	197
2.5.- Perspectivas dos fondos estruturais	215
<b>3.- CONSIDERACIÓNS</b>	<b>221</b>

ANEXO: Referencias bibliográficas





## 1.- ANTECEDENTES

---

*De conformidade coas competencias atribuídas  
ó Consello Económico e Social de Galicia pola Lei 6/1995, de 28 de xuño,  
previo análise pola Comisión Sectorial nº 3: Unión Europea,  
e de acordo co procedemento previsto no Regulamento de Réxime Interior  
do CES-Galicia, o Pleno do Consello Económico e Social de Galicia, na súa sesión do  
12 de xaneiro de 1998, acorda emitir, por propia iniciativa, o seguinte informe:*

### ANALISE ACTUAL E PERSPECTIVAS DOS FONDOS ESTRUCTURAIS EUROPEOS: A SUA INCIDENCIA EN GALICIA

#### 1.1.- Xénese do informe

A Lei 6/1995, de 28 de xuño, atribúe ó Consello Económico e Social de Galicia, entre outras, a función de elaborar por propia iniciativa informes ou estudos sobre a elaboración de planos ou programas dirixidos a favorecer-lo desenvolvemento económico e social de Galicia.

No ámbito destas funcións, o Pleno do Consello Económico e Social de Galicia, na súa sesión 2/97, adoptou o acordo de proceder á elaboración dun informe sobre “Situación actual e perspectivas dos fondos estruturais europeos: a súa incidencia e distribución en Galicia”, segundo unha proposta da Comisión Sectorial nº 3, *Unión Europea*, que foi a encargada dos traballos.

#### 1.2.- Obxecto do informe

Este informe pretende estudar en profundidade a realidade dos fondos estruturais europeos desde unha perspectiva galega, é dicir, a incidencia concreta dos distintos programas que dispoñen de financiamento comunitario e que están a desenvolverse en Galicia a través dos diversos fondos estruturais.

Segundo os criterios establecidos pola Comisión Sectorial na súa sesión do 28 de abril de 1997, o obxecto do presente informe debe responder ás seguintes consideracións:

- 1.- Grao de utilización do tódolos fondos en Galicia.

- 2.- Seguemento dos investimentos dos fondos realmente feitos.
- 3.- Aplicación correcta dos mesmos e resultados obtidos.
- 4.- Posibilidades futuras dos fondos estruturais.

### 1.3.- Metodoloxía e alcance do informe

Despois dunha introducción xeral sobre a política rexional da UE e os instrumentos para o seu financiamento, o informe describe máis concretamente cada un dos fondos e das iniciativas comunitarias neste eido. Pero a parte sustancial do traballo fíxose a través da análise da información sobre a aplicación concreta en Galicia destes fondos facilitada pola Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Europeos da Consellería de Economía e Facenda, a Dirección Xeral de Estructuras e Desenvolvemento Rural da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, a Secretaría Xeral de Relacións coa UE da Xunta de Galicia, as Deputacións Provinciais e os Concellos de A Coruña e Vigo.

Os datos finais foron listados pechados ó 31 de decembro de 1996 e globalizados.



### 2.1.1.- INTRODUCCIÓN

A Unión Europea ten a misión de promover un progreso económico e social equilibrado, un alto nivel de emprego e protección social, a elevación do nivel e da calidade de vida, a cohesión económica e social e a solidariedade entre os seus Estados membros. O fortalecemento da cohesión económica e social é un pilar imprescindible da construción da Unión. Esta cohesión resulta imprescindible para a redución das desigualdades entre as rexións e para a mellora da situación do emprego. Os principais instrumentos presupostarios da Comunidade para conquistar estes obxectivos son os Fondos Estructurais.

Os niveis de vida, desenvolvemento e emprego varían enormemente dunhas rexións a outras na UE: en 1991, e segundo datos oficiais, o PIB medio por habitante nas dez rexións menos prósperas da Unión era catro veces inferior ó PIB das dez rexións máis ricas, e a taxa de desemprego, sete veces maior.

A necesidade de reducir esas disparidades rexionais é aínda máis evidente trala instauración do Mercado Único: coa única actuación das leis do mercado, a situación das rexións máis pobres pode empeorar comparativamente.

A Comunidade utiliza catro grandes fondos europeos para reduci-los desequilibrios rexionais:

- O **Fondo Social Europeo (FSE)**. As súas axudas destínanse ó fomento da formación profesional e do emprego.
- O **Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER)**. Axuda principalmente ás rexións máis pobres mediante o fomento das inversións, as infraestructuras e as pequenas empresas.
- O **Fondo Europeo de Orientación e Garantía Agrícola (FEOGA)**. Financia a adaptación dos agricultores e das rexións ás novas formas de agricultura e o desenvolvemento de novos sectores económicos nas zonas rurais. A sección de Orientación é o verdadeiro fondo estrutural; a sección de Garantía, en cambio, é o órgano executor da política agraria común (PAC) e as medidas de acompañamento, un gasto agrícola de intervención e de garantía de cuotas e precios.
- O **Instrumento Financeiro para a Pesca (IFOP)**. Axudas para as rexións costeiras que se ven afectadas polo declive do sector pesqueiro.

O cadro da páxina seguinte amosa a evolución dos ámbitos de aplicación dos fondos estruturais desde os regulamentos anteriores ós regulamentos revisados en vigor para o período 1994-1999.

Os fondos estruturais asígnanse en función dunha serie de “**obxectivos**” ou criterios de financiamento definidos no artigo 13 do Regulamento Marco 2081/93:

**Obxectivo 1.-** Adaptación económica para as rexións cunha renda por habitante por debaixo do 75% da media comunitaria. Galicia está entre as rexións do obxectivo 1.

**Obxectivo 2.-** Reconversión económica das zonas seriamente afectadas polo declive industrial.

**Obxectivo 3.-** Loita contra o desemprego de longa duración e mellora das perspectivas de emprego dos xoves.

**Obxectivo 4.-** Adaptación dos traballadores ós cambios tecnolóxicos.

**Obxectivo 5 a.-** Adaptación das estruturas de transformación e comercialización dos produtos agrícolas e pesqueiros.

**Obxectivo 5 b.-** Diversificación económica das zonas rurais que dependen en exceso de actividades económicas vulnerables.

**Obxectivo 6.-** Axuda ás zonas árticas de Suecia e Finlandia de baixa densidade de poboación que soportan permanentemente unha climatoloxía adversa.

### *Ámbito de aplicación dos fondos estruturais*

#### REGULAMENTOS ANTERIORES (1989-1993)

O ámbito de aplicación de cada Fondo defínese detalladamente nos primeiros artigos do seu Regulamento respectivo:

FEDER: Inversións productivas infraestruturas desenvolvemento endógeno desenvolvemento local e PYME proxectos piloto.

FSE: formación profesional axudas á contratación accións de carácter innovador.

Sección de Orientación do FEOGA:

adaptación das estruturas agrarias (Obxectivo 5<sup>a</sup>) (modernización das explotacións, transformación e comercialización dos produtos, etc.); medidas de desenvolvemento agrario nas rexións do Obxectivo 1 e nas zonas rurais (obxectivo 5b).

Tódolos Fondos poden, ademais, participar en medidas de asistencia técnica.

#### REGULAMENTOS REVISADOS (1994-1999)

Na normativa revisada os ámbitos de aplicación mafeñense a grandes rasgos, aínda que hai que sinalar os seguintes cambios:

FEDER: Ampliación ás inversións en educación e sanidade nas rexións do Obxectivo 1; mención das redes transeuropeas; investigación e desenvolvemento nas rexións dos Obxectivos 1, 2 e 5b)

FSE: Sistemas de formación nas rexións do Obxectivo1; sistemas de educación nas rexións dos Obxectivos 1, 2 e 5b).

Sección de Orientación do FEOGA:

As medidas relativas ó medio ambiente agrario, a forestación e as xubilacións anticipadas, financiadas pola Sección de Garantía do FEOGA xa non son competencia da Sección de orientación.

Prevese outras medidas para as rexións de Obxectivos 1 e 5b):

promoción de produtos locais; prevención de catástrofes naturais nas zonas ultraperiféricas; outras medidas tales como a renovación dos pobos, a protección do patrimonio rural e a enxeneiría financeira.

IFOP: O ámbito de aplicación do IFOP corresponde en termos globais cos dos antigos instrumentos do sector (non incluídos os Fondos Estructurais ou os integrados no Obxectivo 5<sup>a</sup>):

flota pesqueira; acuicultura e banda costeira; equipamento dos portos pesqueiros; transformación e comercialización dos produtos da pesca e da acuicultura; prospección de mercados.

*Evolución dos obxectivos dos fondos estruturais*REGULAMENTOS ANTERIORES (1989-1993)

A reforma de 1988 estableceu cinco obxectivos prioritarios para os Fondos estruturais:

Obxectivo 1: fomentar o desenvolvemento e o axuste estrutural das rexións menos desenvolvidas.

Obxectivo 2: reconvertir as rexións ou partes de rexións gravemente afectadas polo declive industrial.

Obxectivo 3: combati-lo paro de larga duración (máis de 12 meses)

Obxectivo 4: Facilita-la inserción profesional dos xoves (menos de 25 anos). Na perspectiva da reforma da Política agrícola Común.

Obxectivo 5ª): acelera-la adaptación das estruturas agrarias.

Obxectivo 5b): fomenta-lo desenvolvemento das zonas rurais.

Os obxectivos 1, 2 e 5b) teñen un carácter especificamente rexional; as súas medidas están limitadas a determinadas rexións ou partes de rexións subvencionables.

Polo contrario, os Obxectivos 3, 4 e 5ª) afectan a todo o territorio comunitario.

REGULAMENTOS REVISADOS (1994-1999)

Nos Regulamentos revisados non se modifica a definición dos Obxectivos 1 e 2.

O novo Obxectivo 3 concentra as funcións dos actuais obxectivos 3 e 4 e propónse tamén "facilita-la inserción (...) das persoas expostas á exclusión do mercado laboral

O novo Obxectivo 4 debe cubrir as novas atribucións do FSE en virtude do Tratado de Maastricht: "facilita-la adaptación dos traballos ás mutacións industriais e a evolución dos sistemas de produción".

O obxectivo 5 dirixese ó fomento do desenvolvemento rural:

O Obxectivo 5ª) conserva o seu propósito inicial de acelerar a adaptación das estruturas agrarias no marco da reforma da PAC, pero inclúe tamén a axuda á modernización e á reestruturación da pesca.

O Obxectivo 5b) aspira a facilita-lo desenvolvemento e o axuste estrutural das zonas rurais.

Por outra banda, de acordo coas conclusións do Consello Europeo de Edimburgo de 1992, a normativa revisada permite a inclusión das zonas subvencionadas en virtude dos obxectivos rexionais, mediante a inserción de novos criterios adecuados para os Obxectivos 2 e 5b).

A Comisión, mediante diferentes iniciativas, dispón duns recursos para levar a cabo medidas de interese particular para a Comunidade. O seguinte cadro recolle algunhas destas iniciativas para o período 1994-1996.

*Iniciativas comunitarias para o período 1994-1999*

TEMAS	INICIATIVAS	DURACION (anos)
Cooperación interregional	INTERREG II / REGEN	6
Emprego e recursos humanos	NOW	6
	HORIZON	6
	YOUTHSTART	6
	ADAPT (e ADAPT II)	6
	INTEGRA	6
Desenvolvemento industrial	RECHAR II	4
	RESIDER II	4
	RETEX II	4
	KONVER II	4
	PYME	6
	TEXTIL PORTUGUES	6
	PESCA	6
Rexións ultraperiféricas	REGIS II	6
Política urbana	URBAN	6
Desenvolvemento rural	LEADER II	6

Fonte: Oficina da CE en España.

*Diferencias entre o Fondo de Cohesión e os Fondos Estructurais*

	FONDO DE COHESIÓN	FONDOS ESTRUCTURAIS
Obxectivos	Reduci-las disparidades entre as economías nacionais.	Reduci-las disparidades entre as rexións.
Interlocutores	Cada proxecto é obxecto dun acordo entre a Comisión e o Estado membro da cuestión.	Baixo a responsabilidade principal dos Estados membros, as autoridades rexionais e os promotores desempeñan un papel destacado na xestión dos programas.
Requisitos	Requisito estricto: a aplicación dos programas de converxencia constitúen unha condición necesaria para a asignación de créditos.	Non hai requisitos.
Cobertura xeográfica	Catro Estados membros.	Rexións dos obxectos nºs 1, 2 e 5b). Sen limitacións rexionais para os demais obxectivos.
Sectores	Só medio ambiente e infraestruturas de transportes.	Non se inclúe a priori ningún sector.
Procedimentos	Os créditos concédense a cada proxecto concreto.	Os créditos concédense na súa maior parte ós programas.

A reforma de 1993, xurdida do Tratado de Maastricht, afondou na cohesión económica e social, fundamentalmente coa creación dun novo fondo, o Fondo de Cohesión, destinado ós catro países comunitarios que teñen PNB por baixo do 90% da media comunitaria: Irlanda, Portugal, Grecia e España, para facilita-la súa participación na Unión Económica e Monetaria.

*Os fondos que reciben España e Galicia*

Os fondos europeos teñen proporcionado a España un potencial considerable de recursos para o desenvolvemento rexional, cunha aportación prevista no período 1994-1999 superior os 4 billóns de pesetas. Andalucía, con máis dun billón de pesetas, pero tamén Galicia, Castela-León e a Comunidade Valenciana serán as principais destinatarias destas subvencións que, ó requerir unha cofinanciación por parte das Administracións receptoras, xenerarán unhas inversións moi superiores de tódolos axentes implicados, públicos e privados. Máis do 59,4% do diñeiro transferido procederá do Feder, o 23,6% do Feoga e o resto do FSE.

Estas accións terán unha grande importancia para o desenvolvemento rexional, especialmente nas comunidades catalogadas dentro do Obxectivo 1 dos Fondos Estructurais, entre as que se atopa Galicia.

Esta participación crecente das comunidades na xestión das accións estruturais canalízase no caso das 10 rexións incluídas no Obxectivo 1, fundamentalmente cara á agricultura e o desenvolvemento rural (22,9% das subvencións comunitarias), a integración e articulación territorial (22,7%), a valoración de recursos humanos (19%), as infraestruturas de apoio ás actividades económicas (17,1%) e o desenvolvemento do tecido económico (13,7%).

### DISTRIBUCIÓN REXIONAL DOS FONDOS ESTRUCTURAIS 1994-1999

(en millóns de ecus)

	FEDER	FSE	FEOGA-O	TOTAL	%
Andalucía	1.692,0	325,5	403,7	2.421,2	8,0%
Asturias	234,0	30,8	92,8	357,6	1,2%
Canarias	390,0	182,9	86,7	659,6	2,2%
Cantabria	105,0	9,0	62,0	176,0	0,6%
Castilla-La Mancha	416,0	35,1	314,7	765,8	2,5%
Castilla-León	600,0	128,4	436,0	1.164,4	3,8%
Ceuta e Melilla	38,0	0,0	0,0	38,0	0,1%
C. Valenciana	607,0	309,9	123,1	1.040,0	3,4%
Extremadura	382,0	165,6	183,7	731,3	2,4%
<b>Galicia</b>	<b>727,0</b>	<b>179,0</b>	<b>318,9</b>	<b>1.224,9</b>	<b>4,0%</b>
Murcia	197,0	44,6	58,5	300,1	1,0%
Plurirrexional	10.556,2	4.636,3	1.233,8	16.426,3	54,1%
IFOP <sup>(1)</sup>	995,0	0,0	119,6	1.114,6	3,7%
Resto CC.AA.	1.031,0	2.191,7	740,5	3.963,2	13,0%
<b>TOTAL</b>	<b>17.970,2</b>	<b>8.238,8</b>	<b>4.174,0</b>	<b>30.383,0</b>	<b>100,0%</b>

<sup>(1)</sup> IFOP prevé 995 millóns de ecus para o sector pesqueiro das rexións Obx. 1 e 119, 6 millóns de ecus para as outras rexións. As asignacións plurirrexionais non teñen desagregación xeográfica. No apartado "Resto CC.AA. inclúense tódalas que non forman parte do Obx. 1.

Fonte: Comisión Europea.

### FONDOS ESTRUCTURAIS PREVISTOS PARA O PERIODO 1994-1999 NAS REXIÓNS OBXECTIVO 1

(en millóns de ecus)

	Marco comunitario de apoio	MAC E EXTRAMAC	Totais Rexionalizados	%
Andalucía	2.421,00	2.980,00	6.870,00	28,80%
Asturias	357,53	809,20	1.121,00	4,70%
Canarias	659,65	694,73	1.622,00	6,80%
Cantabria	175,94	448,05	548,00	2,30%
Castilla-La Mancha	765,84	936,58	1.908,00	8,00%
Castilla-León	1.164,37	1.612,62	2.862,00	12,00%
Ceuta e Melilla	38,00	89,51	144,00	0,60%
C. Valenciana	1.040,00	1.207,94	2.672,00	11,20%
Extremadura	731,27	1.011,88	1.837,00	7,70%
<b>Galicia</b>	<b>1.224,89</b>	<b>1.544,48</b>	<b>3.268,00</b>	<b>13,70%</b>
Murcia	300,03	566,48	1.002,00	4,20%
<b>TOTAL</b>	<b>8.878,52</b>	<b>11.901,47</b>	<b>23.854,00</b>	<b>100,00%</b>

Tratase de cantidades indicativas para o MCA (que inclúe FEDER, FSE e FEOGA-O, Programa Operativo (que inclúe outras iniciativas rexionais) e TR (Total rexionalizado, donde se inclúen outras posibles iniciativas de ámbito plurirrexional)

Fonte: Nieto Solís, J.A., 1996, a partir de datos da Comisión Europea.

**Fondos comunitarios competencia da Xunta de Galicia 1994-1999**

Datos en pesetas

DENOMINACIÓN	PROGRAMACIÓN	
	Axuda comunitaria	Custo eleixible total
<b>Programas operativos do MAC (1994-1999)</b>		
FEDER	114.833.284.000	187.740.417.000
FSE	28.279.000.000	37.705.000.000
FEOGA-O	48.565.000.000	72.179.000.000
IFOP	42.617.244.698	(1) 76.883.637.530
<b>TOTAL MAC</b>	<b>234.294.528.698</b>	<b>374.508.054.530</b>
<b>Programas operativos do Extra-MAC (1994-1999)</b>		
I.C. Interreg II	8.057.520.000	10.743.360.000
I.C. Pesca	1.914.000.000	2.972.000.000
I.C. Emprego e recursos humanos	1.525.072.497	2.033.429.996
I.C. Adapt	1.313.649.999	1.751.533.333
I.C. Resider II	185.063.490	284.373.540
I.C. Rechar II	186.655.977	274.150.965
I.C. Retex	509.120.000	678.830.000
<b>TOTAL Extra-MAC</b>	<b>13.691.081.963</b>	<b>18.737.677.834</b>
<b>Fondo de Cohesión</b>	<b>17.237.115.000</b>	<b>21.654.870.000</b>
<b>CANTIDADES TOTAIS</b>	<b>265.222.725.661</b>	<b>414.900.602.364</b>

NOTAS: (1) No custo eleixible total están incluídas as aportacións das empresas privadas e da Administración Xeral do Estado para cofinanciamento xunto coa Xunta de Galicia, a totalidade da axuda aportada polo IFOP.

• Nas iniciativas Emprego e Adapt, están pendente de aprobación os importes, non consignados no cadro, correspondentes ó período 1997-1999.

**Fonte:** Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Europeos.



## 2.1.2.- BASES XURIDICAS

---

- Os cinco principios xerais
- As iniciativas comunitarias
- Normas de xestión

As actuais axudas estruturais da Unión Europea para o desenvolvemento das rexións menos favorecidas seguen as normas dos REGULAMENTOS REVISADOS 1994-1999, unha reforma sobre a reforma de 1988. Cada un dos fondos ten o seu propio regulamento, pero dictáronse tamén normas de armonización ou coordinación: o Regulamento Marco, 2081/93 e mailo Regulamento de Coordinación 2082/93.

### *Os cinco principios xerais*

Segundo estas normas comunitarias, os fondos estruturais baseanse en cinco principios xerais: a concentración, a autonomía, a cooperación, a programación e a adicionalidade.

#### A. Concentración

---

Os obxectivos prioritarios dos fondos están definidos no art. 1 do mentado Regulamento Marco, 2081/93. No Anexo do Regulamento marco figura unha lista exhaustiva das rexións incluídas no Obxectivo 1, é dicir, as menos desenvolvidas da Unión. En relación coa lista de 1988, inclúense novas rexións ata acadar un 2,6% da poboación comunitaria cuberta por estes fondos. O aumento en relación con 1988 explícase principalmente pola inclusión dos cinco novos Estados federados alemáns, os da antiga RDA. No caso español, a novidade é a inclusión de Cantabria.

Para a selección das rexións do Obxectivo 2 (rexións e zonas industriais en declive) (Art. 9, Regulamento Marco), a nova normativa mantén os criterios de selección do Obxectivo 2, así como a concentración no 15% como máximo da poboación comunitaria.

Pero o Obxectivo 2 inclúe agora as consecuencias da reestructuración da pesca entre os seus criterios secundarios de selección.

Ademais, a normativa revisada establece que as primeiras propostas relativas ás zonas subvencionables serán presentadas polos Estados, e que as listas adoptadas pola comisión con carácter trienal serán aprobadas en estreita concentración con cada un dos Estados membros interesados.

No que atinxe á selección das rexións do Obxectivo 5b) (zonas rurais) (art. 11 bis, Regulamento Marco), o Regulamento Marco establece un criterio xeral: o baixo nivel de desenvolvemento económico. A éste se engaden 3 criterios principais, dous dos cales son necesarios para cumprilas condicións de selección: Elevado índice de emprego agrícola; escaso nivel de renda agraria; baixa densidade de poboación ou tendencia importante á despoboación.

Como novidade suplementaria, o Obxectivo 5b) inclúe entre os seus criterios secundarios (que polo demáis non cambian), as consecuencias da reestruturación do sector pesqueiro.

Sobre a distribución dos créditos (Art. 12, Regulamento Marco), o regulamento revisado dispón o seguinte: “A Comisión, con arranxo a procedementos transparentes, establecerá distribucións indicativas por Estados membros para cada un dos Obxectivo 1 a 4 e 5b) dos créditos de compromiso dos Fondos Estructurais, tendo en conta, como anteriormente, os seguintes criterios obxectivos: a prosperidade nacional, a prosperidade rexional, a poboación das rexións e a gravidade relativa dos problemas estruturais, incluído o nivel de paro e, para os obxetivos apropiados, as necesidades de desenvolvemento das zonas rurais. Estes criterios se ponderan adecuadamente á hora de asignalos recursos”.

Ademáis, o Obxectivo 5ª) fóra do obxectivo 1 será obxecto dun reparto baseado principalmente na continuidade vencellada ó grado de utilización de recursos durante o período de programación anterior e nas necesidades específicas estruturais constatadas da agricultura e da pesca”.

#### B.- Autonomía

A reforma de 1988 marcou o nacemento das Iniciativas Comunitarias para financiar accións propiciadas pola propia Comisión. O aumento da sección fóra de cuota do Feder ata o 15% dos recursos consolidou o carácter comunitario deste fondo estrutural

#### C.- Cooperación (art. 4)

O terceiro principio común dos fondos estruturais é o de cooperación. A normativa propón ampliala cooperación ós “organismos competentes (incluídos, no marco das modalidades ofrecida polas normas institucionais e as prácticas vixentes de cada Estado membro, os interlocutores económicos e sociais) designados polo Estado membro”.

Por outra banda, prevese que “na cooperación se respetarán plenamente as competencias institucionais, xurídicas e financeiras de cada unha das partes”.

No seguemento dos programas dos fondos estruturais resulta moi importante -este é precisamente o criterio da Comisión das Comunidades Europeas- unha maior **participación dos interlocutores económicos e sociais**, que poden contribuir eficazmente á execución dos programas nas súas respectivas rexións. Nembargantes, no caso de España, os interlocutores sociais non participan nos órganos de seguemento dos MAC e dos PO dos obxectivos 1 e 2. Simplemente son informados do estado de realización do conxunto do MAC e dos programas, proxectos e subvencións correspondentes a través do Consejo Económico y Social e logo de cada reunión do comité de seguemento. Desde 1995, a papel do CES estatal é crecente, aínda que a participación dos interlocutores sociais presenta notorias diferencias en función das distintas rexións. Só dous comités de seguemento rexionais inclúen representantes dos sindicatos e do Consejo Económico y Social, mentres que noutras rexións só organizan reunións específicas de información.

Esta participación dos interlocutores sociais e económicos a escala comunitaria é, malia o sinalado, crecente. Os grupos de traballo superaron o carácter anual da súa consulta pola Comisión para converterse nun proceso continuo de cooperación. Entre as aportacións destes interlocutores socioeconómicos salienta o énfase na cohesión -como elemento básico na reorientación das políticas estruturais a partir de 1999-, as preocupacións de sectores concretos, como o agrícola ou o pesqueiro, o seu propio papel no seguemento da execución das intervencións -malia as dificultades técnicas que tal participación atopa- e a necesidade de asistencia...

A Comisión é consciente da necesidade de dotar ós interlocutores sociais da capacidade técnica e operativa necesaria y colabora en seminarios destinados a preparar ós responsables rexionais e nacionais para a súa participación nos comités de seguemento das rexións do Obxectivo nº 1. De feito, o Comité Económico e Social europeo pretende promover a creación dunha rede de expertos rexionais que podería apoiar-las actividades de seguemento dos líderes sociais.

#### D.- Programación

A normativa revisada dispón unha nova programación para un período de 6 anos (1994-99), e o seu final coincide co horizonte das perspectivas financeiras decididas en Edimburgo. No caso dos Obxectivos 1 e 5b), as rexións se seleccionarán para un período de 6 anos. Tanto en virtude deste obxectivo como do Obxectivo 3, os marcos de apoio comunitario (MAC) estableceráanse para 6 anos.

Polo contrario, para o Obxectivo 2 prevense 2 fases de 3 anos, cunha posibilidade de adaptar as zonas subvencionables e os MAC ó fin da primeira fase. Asimesmo, no caso do novo Obxectivo 4, propónse a adopción dos MAC para 2 períodos de 3 anos.

#### E. Adicionalidade (Regulam. de Coordinación, art. 9)

O quinto principio que serve como base á aplicación dos fondos estruturais é o de adicionalidade dos gastos. Ante as dificultades de aplicación deste principio, o Regulamento revisado defineo claramente. Segundo o texto, é convinte que cada Estado membro “manteña, no conxunto de territorios afectados, os seus gastos estruturais públicos ou asimilables como mínimo ó mesmo nivel que durante o período de programación anterior, aínda que tendo en conta as condicións macroeconómicas en que se inscriban os exercicios de financiación, así como determinadas situacións económicas concretas, a sabe-las privatizacións, o nivel extraordinario do esforzo público estrutural durante o período de programación anterior e a evolución da coxuntura nacional”.

O Estado membro debe facilitar-las datos financeiros pertinentes para a comprobación da adicionalidade no intre da presentación dos plans e, periodicamente, durante a aplicación dos marcos comunitarios de apoio. Nestes incluíranse disposicións para comprobar que se cumpre ese principio.

#### *As iniciativas comunitarias*

A regulamentación revisada confirma o principio das iniciativas comunitarias e define determinados elementos do funcionamento deste instrumento.

O 9% dos créditos de compromiso dos Fondos Estructurais destinarase ás iniciativas comunitarias entre 1994 e 1999. Unha parte limitada dos recursos destinados ás iniciativas de carácter rexional poderá empregarse fóra das zonas dos Obxectivos rexionais, 1, 2 e 5b)

Coa perspectiva do futuro do INTERREG, os Regulamentos revisados establecen que será posible unha decisión única para varios Estados no caso de medidas transnacionais. Ademais, o Parlamento Europeo, o Consello e a Comisión comprometéronse a crear unha liña presupostaria especial para financiar medidas que se apliquen nas rexións fronteirizas con terceiros países da Europa Central e do Este e teñan o obxectivo de completa-las intervencións dos Fondos Estructurais con arranxo ás iniciativas comunitarias. Estas iniciativas a miúdo constitúen programas operativos, aínda que tamén poden presentarse en forma de subvencións globais.

Por último, se crea na Comisión un Comité para as iniciativas comunitarias, formado por representantes dos Estados membros e presidido por un representante da Comisión.

*Normas de xestión*

As intervencións estruturais pasan por tres fases preparatorias antes da súa concreción:

1.- O **Plan de Desenvolvemento Rexional (PDR)**: o documento presentado polo Estado membro no que fai o seu diagnóstico da situación concreta, en relación co obxectivo correspondente, e no que contempla as principais liñas de actuación nese eido.

2.- O **Marco Comunitario de Apoio (MAC)**: establece a Comisión de acordo co Estado membro e as rexións interesadas e nel defínense as actuacións, os medios financeiros e as formas de intervención.

Nalgúns casos, para simplificar e accelera-lo procedemento de programación dos obxectivos 1 a 4 e 5b), a normativa modificada prevé a posibilidade de que os Estados membros presenten un **documento único de programación (DOCUP)** que inclúa o plan de desenvolvemento e a solicitude de axudas correspondentes. Para os Estados que presente un documento único destas características, a comisión adoptará unha decisión única que englobará os elementos que normalmente se inclúen nos MAC e PO e outras formas de intervención.

3.- O **Programa Operativo (PO)**: un conxunto de medidas plurianuais no que se concretan as accións a desenvolver, o calendario e o seu custo, coas aportacións económicas das diferentes partes.

As normas de xestión respecto das políticas comunitarias consolidan catro aspectos:

- o respecto da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres;
- o respecto das normas de competencia, cunha información específica relativa ás decisións de concesión de axudas para proxectos de inversións productivas que superen os 50 millóns de ecus;
- o respecto das normas comunitarias de contratación pública;
- o respecto da política comunitaria de medio ambiente

A regulamentación revisada establece novas disposicións de obrigado cumprimento: os plans de desenvolvemento dos Obxectivos 1, 2 e 5b) deben incluír unha apreciación das condicións medioambientais da rexión en cuestión nunha avaliación das repercusións para o medio ambiente das estratexias e das medidas previstas, segundo os principios de desenvolvemento sostible e de acordo coas disposicións vixentes do Dereito comunitario.

Ademais, os plans recollerán as disposicións adoptadas polos Estados para a intervención das autoridades competentes en materia de medio ambiente nas distintas fases da programación.

A normativa revisada establece unha distinción moito máis clara entre as tres fases de examen e aplicación dos fondos:

1.- **Apreciación previa:**

De acordo coas conclusións do Consello Europeo de Edimburgo, a necesidade dunha apreciación previa e dunha avaliación posterior inscríbese nunha lóxica de relación entre os custos e a eficacia. A regulamentación revisada dispón que “as axudas se concederán cando a apreciación demostrara os beneficios socioeconómicos que se obterán a medio prazo habida conta dos recursos mobilizados”. Asimesmo, o Regulamento Marco establece que os Estados membros hanse integrar nos plans de desenvolvemento e nas solicitudes de axuda os obxectivos concretos cuantificados das medidas propostas.

2.- **Seguemento**

En aplicación do principio de subsidiariedade, concédese maior importancia ó papel dos Comités de Seguimento. Sen modifica-la contía total da axuda comunitaria e respectando os límites armonizados para cada obxectivo, estes Comités poderán adapta-las normas de concesión da axuda financeira. As posibles adaptacións serán notificadas inmediatamente á Comisión e o Estado membro.

Serán aplicables desde o momento en que a Comisión e o Estado membro as confirmen e, a máis tardar, vinte días despois da notificación.

### 3.- Avaliación

A avaliación posterior verase facilitada en grande medida pola apreciación previa, xa que a súa misión consiste en comprobar a posteriori a correcta realización dos obxectivos fixados inicialmente e en dictaminar acerca das posibles desviacións con respecto a eses obxectivos.

O aspecto das porcentaxes de cofinanciación é tamén abordado pola regulamentación. Por norma xeral, mantense o 50% do custo total como máximo nos Obxectivos 2 a 4 e 5b) e o 75% nas intervencións do Obxectivo 1. Non obstante, o Regulamento Marco establece que, en casos excepcionais debidamente xustificadas, a participación dos Fondos Estructurais nas rexións do Obxectivo 1 dos catro Estados membros beneficiarios do instrumento financeiro de cohesión (España, Grecia, Irlanda e Portugal) poderá ascender ata o 80% do custe total, e incluso ata un 85% cando se trate de rexións ultraperiféricas ou de illas gregas que se vexan perxudicadas polas súa lonxanía.

As disposicións sobre xestión financeira mantéñense, xa que permiten, en principio, concilia-la necesidade de normas adecuadas de pago coa existencia dunha disciplina presupostaria rigurosa. Non obstante, para accelera-los circuitos financeiros, a normativa revisada establece tamén “normas xerais” relativas ós prazos:

- 2 meses para os pagos pola Comisión a raíz dunha solicitude admisible presentada por un Estado membro.
- 3 meses suplementarios trala recepción dos créditos polo Estado membro, para que o diñeiro chegue ó beneficiario final que presentara unha solicitude admisible á administración pública competente.





### 2.1.3.- DESCRICIÓN DOS FONDOS ESTRUCTURAIS

- FEOGA
- FEDER
- FSE
- IFOP
- Fondo de Cohesión

#### FEOGA

#### Fondo Europeo de Orientación e Garantía Agrícola

**Base xurídica.**- Regulamento 2085/93 CEE, que modifica o Regulamento 4256/88 CEE, polo que se aproban as disposicións de aplicación do Regulamento 2052/88 CEE, no relativo ó FEOGA, sección Orientación (DOCE L193, 31 xullo 1993)

**Obxectivo.**- Financiar accións para a consecución dos obxectivos 1, 5 a) y 5 b), destinadas ó desenvolvemento sostido do medio rural, incluído o desenvolvemento e fortalecemento das estruturas agrarias e forestais que empreguen métodos e técnicas respetuosas co medio ambiente, e aquelas outras de fomento dos investimentos turísticos e artesanais, incluíndo a mellora da vivenda nas explotacións agrícolas e do habitat rural.

**Información xeral.**- O FEOGA é o instrumento financeiro da Política Agrícola Común (PAC), o conxunto de medidas aplicados polos Estados membros en materia de agricultura. No ano 57, o Tratado de Roma estableceu para a PAC 5 obxectivos principais: aumenta-la produtividade agrícola, asegurar ó mesmo tempo un nivel de vida equitativo á poboación agraria, estabiliza-los mercados agrícolas, garanti-la seguridade dos aprovisionamentos e asegura-los prezos razoables para os consumidores.

O FEOGA foi creado composto de dúas seccións:

1• FEOGA-Garantía: encargado de financiar as medidas de apoio e sostén dos mercados de produtos agrícolas.

2• FEOGA-Orientación, destinado a financiar o desenvolvemento estrutural das explotacións agrícolas, a creación e modernización das industrias agroalimentarias e demais accións relacionadas co mundo rural.

Esta creación do FEOGA levouse a cabo respetando tres **principios básicos**:

• A idea do mercado único, é dicir, a libre circulación de produtos agrícolas entre os Estados membros da Comunidade.

• A preferencia comunitaria, isto é, a prioridade de aprovisionamento para a produción comunitaria.

• A solidariedade financeira, a idea de repartir en común os custos da posta en funcionamento da política común.

As principais **medidas** financiadas polo **FEOGA-Garantía** son:

- axudas á exportación
- axudas e fondos para o almacenamento
- axudas directas á produción, principalmente aquelas regulamentadas na reforma da PAC de 1992
- medidas de acompañamento
- outras intervencións

Dende a posta en marcha da PAC, os fondos da Sección Garantía teñen crecido fortemente, xa que, co obxectivo do aumento da produtividade, fíxose necesario soste os mercados en cantidade e en produtos, cada vez máis numerosos.

As principais **medidas** financiadas polo **FEOGA-Orientación** son:

- axudas á instalación de xoves agricultores
- axudas á modernización de explotacións agrícolas
- axudas á creación e o desenvolvemento de industrias agroalimentarias
- indemnizacións compensatorias de handicaps naturais (zonas montañosas, por exemplo)
- medidas de desenvolvemento rural.

O FEOGA interven como complemento do FEDER e do FSE mediante as seccións correspondentes a cada sector nas zonas dos obxectivos 1 e 5 b). Principalmente interven en:

- reconversión, diversificación, orientación e axuste do potencial de produción agrícola
- promoción, concesión de etiqueta e investimentos a favor de produtos locais e rexionais agrícolas, ou de selvicultura, de calidade
- desenvolvemento de estruturas e infraestruturas rurais
- medidas tendentes a fomentar a diversificación, especialmente para permitir ós agricultores actividades diversificadas
- renovación e desenvolvemento dos pobos, incluíndo a protección e conservación do patrimonio rural
- apoio ós investimentos turísticos e artesanais, incluíndo a mellora da habitabilidade nas explotacións agrícolas
- aplicación de mecanismos de prevención de catástrofes naturais (sobre todo nas rexións ultraperiféricas) e reconstitución do potencial agrícola e selvícola afectado por tales catástrofes
- irrigación, protección do medio ambiente e recuperación de paisaxes
- revalorización dos bosques
- desenvolvemento da formación profesional agrícola e selvícola, e da súa divulgación

A reforma dos fondos estruturais introducida en 1993 permite ó FEOGA intervir tamén nos sectores da **pesca** e da **acuicultura**, acompañando ós plans de desenvolvemento económico das zonas 1, 2 e 5 b). Trátase de proxectos relativos a:

- desguace e reparación de barcos
- instalacións en terra
- promoción, transformación e comercialización de produtos

- desenvolvemento de granxas acuícolas

**Procedemento.**- O Fondo pode financiar, ata un importe máximo igual ó 1% da súa dotación anual:

- as medidas de preparación, de apreciación previa, de seguemento, de avaliación posterior e de información, incluídas as accións de asistencia técnica e os estudos de carácter xeral.
- a realización de proxectos piloto que teñan por obxecto adapta-las estruturas agrarias e forestais e fomenta-lo desenvolvemento rural.
- a realización de proxectos de demostración, incluídos os centrados no desenvolvemento e aproveitamento dos bosques, así como os relativos á transformación e comercialización de produtos agrarios, destinados a demostra-las posibilidades reais de sistemas, métodos e técnicas de produción e xestión adaptados ós obxectivos da PAC.
- as medidas que sexan precisas para a divulgación a escala comunitaria dos coñecementos, experiencias e resultados dos traballos emprendidos en materia de desenvolvemento rural e de mellora das estruturas agrarias.

As medidas que se apliquen a iniciativa da Comisión poderán ser financiadas, con carácter excepcional, nun 100%; as executadas por conta da Comisión serán financiadas nesa porcentaxe.

### **FEDER** **Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional**

**Base xurídica.**- Regulamento 2083/93/CEE (DOCE L193, 31 xullo 1993)

**Obxectivo.**- Reduci-las desigualdades rexionais na comunidade mediante a participación no desenvolvemento das rexións menos favorecidas e reconversión das rexións industriais en crise (artigo 130 C do Tratado CEE)

**Información xeral.**- O FEDER foi creado en 1975 (Regulamento 724/75/CEE) co obxectivo de reduci-las desigualdades rexionais na CE. Posteriormente, como resultado da adopción da Acta Unica en 1987, procedeuse a unha redefinición deste Fondo Estructural mediante o Regulamento 4254/88/CEE. A última reforma é do ano 93 baixo a forma de Regulamento 2083/93.

O FEDER diríxese case exclusivamente ó sector público, en particular a autoridades locais e rexionais, e pode participar no financiamento de:

- investimentos productivos que permitan a creación ou o mantemento de postos de traballo duradeiros.
- investimentos en infraestruturas nas rexións ou zonas correspondentes ós Objectivos 1, 2 e 5b.
- desenvolvemento do potencial endógeno das rexións mediante medidas de fomento e apoio ás iniciativas de desenvolvemento local e ás actividades das PEMES, por exemplo axudas ós servizos a empresas, axudas directas ó investimento, realización de infraestruturas, mellora do acceso ós mercados de capitais, etc.
- accións de desenvolvemento rexional no ámbito da investigación e o desenvolvemento tecnolóxico.
- investimentos no sector da educación e a sanidade nas zonas Obxectivo nº 1.

- investimentos productivos en infraestruturas destinadas a protexe-lo medio ambiente.
- accións previstas en concepto de desenvolvemento rexional a escala comunitaria, en particular cando se trate de rexións fronteirizas.
- medidas preparatorias, de apreciación, de seguimento e de avaliación.

**Procedemento.**- Existen seis formas de asistencia do FEDER:

- 1• Planos rexionais
- 2• Programas Operativos Rexionais
- 3• Cofinanciamento de reximes de axuda
- 4• Proxectos
- 5• Subvencións globais
- 6• Medidas preparatorias, de apreciación, de seguimento e de avaliación

Xeralmente, as taxas de financiamento do FEDER son:

- nas rexións Obxectivo nº 1, o 75 % do total ou o 50 % do total de gasto público.
- nas demais rexións, un máximo do 50 % do total nun mínimo do 25 %.

As entidades receptoras de fondos do FEDER están obrigadas a darlle a suficiente publicidade á concesión da axuda.

### **FEDER-Artigo 10 Desenvolvemento rexional a escala comunitaria**

**Base xurídica.**- Regulamento 2083/93/CEE (DOCE L193, 31 xullo 1993)

**Obxectivo.**- Reduci-las desigualdades rexionais na comunidade (artigo 130 C do Tratado CEE)

**Información xeral.**- O Artigo 10 do Regulamento regulador do FEDER (2083/93/CEE) dispón que, dentro do esquema do mesmo, poderanse realizar aportacións co obxecto de estimular os intercambios de experiencias e cooperación sobre desenvolvemento entre os diferentes Estados membros. Así, poderase destinar-lo 1 % da dotación anual do FEDER a:

- estudos realizados por iniciativa da Comisión co fin de determinar:
  - as consecuencias territoriais das medidas proxectadas polas autoridades nacionais, en particular en materia de grandes infraestruturas;
  - as medidas para solventar os problemas específicos das rexións fronteirizas internas e externas da Comunidade;
  - os elementos necesarios para establecer un sistema prospectivo de utilización do espazo comunitario.
- proxectos piloto que:
  - fomenten a construción de infraestruturas, o investimento en empresas e a adopción de outras medidas específicas;
  - favorezan o intercambio de experiencias e a cooperación en materia de desenvolvemento entre as rexións da Comunidade, así como accións innovadoras.

**Procedemento.-** Por iniciativa da Comisión, poderanse someter ó Comité rector do FEDER cuestións relativas ó desenvolvemento rexional a escala comunitaria, á coordinación das políticas rexionais dos Estados membros ou a calquera problema ligado á aplicación da política rexional comunitaria. O Comité poderá formular conclusións comúns sobre as que a Comisión dirixirá, no seu caso, recomendacións ós Estados membros.

As primeiras convocatorias fan referencia á cooperación interrexional e o desenvolvemento rexional dende os aspectos culturais, en relación coa sociedade da información e coas iniciativas locais de emprego (DOCE C 253, 29.9.95).

No DOCE C 319/06 publicouse a convocatoria correspondente a proxectos piloto urbanos e no DOCE C 119/08 24.4.96 a correspondente ó programa de ordenación do territorio (TERRA)

### FONDO SOCIAL EUROPEO (FSE)

**Base xurídica.-** Regulamento 2084/93/CEE (DOCE L193, 31 xullo 1993)

**Obxectivo.-** Mellora-las oportunidades de emprego para os traballadores no marco do mercado común, contribuíndo, desta maneira, a eleva-lo nivel de vida dos mesmos (Artigo 123 do Tratado CEE).

**Información xeral.-** Malia ter experimentado ó longo da súa historia numerosas reformas e cambios no seu réxime xurídico, o Fondo Social Europeo sempre conservou unha idéntica estrutura no seu deseño ou marco normativo.

O Fondo Social Europeo, tras unha primeira etapa (1960-1971) foi revisado en 1971 (Decisión 71/66/CEE) para adapta-las súas intervencións e afrontar unha nova situación económica, caracterizada pola crise de emprego en determinados sectores, as novas esixencias en materia de formación profesional e polos cambios na estrutura da poboación activa. para casos coma os problemas rexionais ou as dificultades sectoriais.

En 1977 prodúcese a segunda revisión do FSE (Decisión 77/801/CEE) e a correspondente a 1983 (Decisión 83/516/CEE) foi un intento de adapta-los mecanismos de intervención do mesmo a novas necesidades, actuando en coordinación co FEDER e o FEOGA. A posterior reforma de 1988 (Regulamento 4255/88) estableceu as súas bases para o período 89-93. O novo período 1994-99 ten a súa base xurídica , no que ó FSE atinxe, no Regulamento 2084/93.

As normas de funcionamento dos Fondos Estructurais de 1993 introduciron algúns cambios na formulación dos obxectivos do FSE. Redefínese o obxectivo 3, no que agrupan os anteriores obxectivos 3 e 4, que ven a cubrir agora todo o relacionado cos parados de longa duración e coa inserción profesional dos xoves. Pero ademais, e como xa preveía a normativa anterior, as accións amparadas por este obxectivo non quedan limitadas a estas dúas categorías de traballadores, chegando tamén ós parados de curta duración e a aqueles que corren o risco de formar parte dos parados de longa duración. Ademais, créase un novo obxectivo, o 4, orientado a promove-la adaptación dos traballadores ás mutacións industriais e ós cambios dos sistemas de produción. O Fondo Social Europeo, queda, deste xeito, coa seguinte estrutura por obxectivos:

- **Obxectivo nº 3.** Ás accións dirixidas a facilita-la integración profesional dos parados de longa duración o dos xoves na procura dun primeiro emprego ou á igualdade de oportunidades entre homes e mulleres no mercado laboral;

- **Obxectivo nº 4.** Ás accións cunha finalidade que sexa a adaptación dos traballadores/as ás mutacións industriais e á evolución dos sistemas de produción;

- **Obxectivos 1, 2 e 5b.** Accións cunha finalidade que sexa favorece-lo crecemento de emprego mediante a formación continuada, a orientación e o asesoramento e a formación de capital humano no ámbito da investigación, a ciencia e a tecnoloxía;

- **Obxectivo 1.** Accións que busquen a mellora dos sistemas de ensino, en concreto mediante a formación de docentes e persoal administrativo e o establecemento de redes de contactos empresa-universidade.

**Procedemento.-** A aplicación das iniciativas do FSE ten un carácter descentralizado. Os Estados serán os responsables da correcta aplicación das subvencións emanadas do mesmo. Poderán recibir axuda do Fondo Social Europeo os gastos destinados a cubrir:

- a remuneración, os custos anexos, de estancia e desprazamiento das persoas responsables das accións.

- los custos de preparación, funcionamento, xestión e avaliación das accións, una vez descontados os ingresos.

- o custo das axudas ó emprego concedidas dentro do marco dos procedementos previstos polos Estados membros.

As solicitudes de axuda procedentes do FSE presentarán principalmente a forma de:

- programa operativo;
- subvención global;
- asistencia técnica, proxectos piloto e demostrativos.

Os Estados membros comunicarán a información necesaria para a apreciación, seguimento, avaliación e control das accións, así como a área de aplicación xeográfica, os grupos destinatarios, o número de persoas afectadas e a duración das mesmas. As empresas con traballadores que se beneficien das accións de formación financiarán parte do custo.

O FSE non financia, nembargantes, a totalidade dos gastos derivados das accións nas que participa. A intervención do Fondo está sometido a un **doble principio**: dunha banda, o da cofinanciación ou de distribución de cargas económicas entre o Fondo e o Estado membro a resultas da realización dos proxectos nos que áquel participa; e doutra banda, á predeterminación dos gastos do proxecto subvencionable polo FSE.

## IFOP

### Instrumento Financeiro de Orientación da Pesca

**Base xurídica.-** Regulamento 2080/93/CEE (DOCE L193, 31 xullo 1993)

**Obxectivo.-** Os obxectivos do IFOP son a busca dun equilibrio duradeiro e sostible entre os esforzos de pesca e os recursos existentes, actualmente amenazados pola sobrecapacidade da flota comunitaria, a mellora das estruturas do sector e o reforzamento da súa competitividade ó nivel internacional, e a revalorización e mellora do abastecemento dos produtos da pesca e a acuicultura.

**Información xeral.-** As primeiras intervencións estruturais no sector da pesca remóntanse ó ano 1971, no que se estableceu o reparto de fondos procedentes do FEOGA-Orientación para promover a construción e a modernización de unidades de pesca costeira e peláxica, así como a comerciali-

zación e transformación de peixe. En 1978 a regulamentación inicial foi remplazada por unha serie de medidas anuais con carácter conxuntural cun campo de aplicación que englobaba a reestruturación da flota costeira e o desenvolvemento da acuicultura.

En 1983 foi posta en marcha unha programación plurianual baixo un esquema de axudas en favor da reestruturación das actividades da pesca. En 1986, a necesidade de reforzar as medidas de acción levou ó reagrupamento de tódalas accións estruturais en favor da flota pesqueira e da acuicultura nun cadro regulamentario único.

Os profundos cambios no sector da pesca obrigaron a reforzar a eficacia, flexibilidade, coherencia e transparencia das accións estruturais, o que significou a integración deses instrumentos nun só, este Instrumento Financeiro de Orientación da Pesca. Integrado no dispositivo xeral dos Fondos Estructurais e seguindo a reforma destes de 1992, o IFOP posúe un dobre rol: dunha banda contribuir ó funcionamento do mercado e constituir unha parte integrante da Política Comunitaria de Pesca, e pola outra banda, contribuir á realización do obxectivo 5ª (adaptación das estruturas pesqueiras) da cohesión económica e social da UE.

Dentro das exixencias da Política Pesqueira Común, e en particular dentro dos obxectivos de reestruturación da flota comunitaria definidos polos Programas de Orientación Plurianuais (POP), o IFOP poderá participar no financiamento de investimentos e de accións seguintes:

- axuste dos esforzos e reestruturación da flota pesqueira: constitución de sociedades mixtas ou de asociacións temporais de empresas, parada definitiva de embarcacións, etc.
- renovación e modernización da flota pesqueira: condicións de explotación a bordo dos barcos, mellora das técnicas e aparellos de pesca, adopción das normas comunitarias de saúde e seguridade laboral, etc.
- mellora das condicións de transformación e comercialización dos produtos da pesca e da acuicultura e desenvolvemento da acuicultura e acondicionamento da zona costeira,
  - pesca experimental,
  - equipamentos dos portos pesqueiros,
  - sondaxe de mercados,
  - accións de asistencia técnica
- medidas de carácter socio-económico para os pescadores: axudas á xubilación anticipada, primas individuais, etc.

O IFOP contribuirá ademais a accións de asistencia técnica e de información e á realización de estudos ou de experiencias piloto sobre a adaptación das estruturas do sector.

**Procedemento.**- Para ter acceso ó financiamento do IFOP, os responsables dos proxectos deben solicitar ás autoridades nacionais o rexionais do seu país que inclúan os proxectos correspondentes nos programas comunitarios. A participación comunitaria pode chegar ó 75% do custo dos proxectos nas rexións cubertas polo obxectivo n. 1 dos Fondos e o 50% nas outras rexións. Estas porcentaxes poden ser do 50 e 30% para os investimentos productivos.

O sector da pesca pode beneficiarse tamén das intervencións doutros Fondos Estructurais, FEDER e FSE concretamente, nas rexións clasificadas como obxectivo 1, 2 e 5 b, ou de fondos procedentes a través da Iniciativa Comunitaria PESCA.

## FONDO DE COHESION ( 1994 - 1999 )

**Base xurídica.**- Regulamento 1164/94,(DOCE L 130, 25 maio 1994). Sustitúe ó Regulamento do Instrumento Financeiro de Cohesión, 729/93, de 30 de marzo de 1993.

Decisión 96/455 (DOCE L 188, 27 xullo 1996)

**Obxectivo.**- Prestar soporte financeiro a proxectos nos sectores do medio ambiente e das redes transeuropeas de infraestruturas de transportes nos Estados membros do que o PNB per capita sexa inferior ó 90 % da media comunitaria (Grecia, España, Irlanda e Portugal), que deberán dispoñer de programas de converxencia examinados polo Consejo e destinados a evitar que se produzan déficits públicos excesivos. O Fondo actúa na totalidade do territorio destes 4 países.

Trátase dun instrumento de intervención e solidariedade, distinto dos demais fondos estruturais pola súa finalidade e o seu modo de emprego. Aqueles céntranse principalmente no problema das diferencias rexionais, mentres que o Fondo de Cohesión ten unha finalidade de tipo totalmente distinta, aínda que de forma indirecta contribúa a superar as deficiencias rexionais: tenta reducir as disparidades entre as economías nacionais. Ademais outros aspectos diferenciadores son:

- cada proxecto é obxecto dun acordo entre a Comisión e o Estado membro.
- a aplicación dos programas de converxencia constitúe unha condición necesaria para a asignación de créditos.
- os créditos concédense a proxectos concretos.

**Información xeral.**- A partir de 1986, a Unión adoptou o obxectivo da cohesión económica e social, é dicir, a vontade de reducir as diferencias entre as distintas rexións europeas, tentando evitar que o mercado único de 1993 beneficiase sobre todo ás rexións máis preparadas.

O Tratado da Unión, ratificado en 1993, consolida esta orientación para poder asumir deste xeito os novos desafíos diante dos cales os Estados membros menos avanzados atoparán menos dificultades. A cohesión defínese como un elemento de solidariedade básica que significa dun xeito implícito que as diferencias de renda e riqueza entre países se reduzan ou polo menos queden estables. Maastricht incorporou un Protocolo de Cohesión Económica e Social que consagra este principio como concepto integral e global.

O retraso no proceso de ratificación do Tratado da UE fixo necesaria a adopción provisional dun **Instrumento Financeiro de Cohesión**, antecedente do Fondo de Cohesión (Regulamento 792/93 en DOCE L 79, 1.4.1993) dotado dos mesmos obxectivos.

O Consello Europeo de Edimburgo aprobou diferentes accións e iniciativas para o fomento da recuperación económica en Europa, así como para a futura financiación da Comunidade. Estas medidas son coñecidas como “Paquete Delors II”. España presentou un conxunto de proxectos financiábeis, cunha dotación presupostaria que superaba as previsións de recursos que lle corresponderían, dacordo coa asignación indicativa realizada que otorgaba ó noso Estado entre o 52 e o 58% do presuposto do Fondo.

As medidas subvencionables polo IFC eran proxectos no sector do medioambiente que contribuíran á consecución dos obxectivos comunitarios; proxectos de infraestruturas de transporte que fomentasen a interconexión e a interoperabilidade das redes nacionais e o acceso ás mesmas; estudos preparatorios, avaliacións previas, análises de custos e beneficios, e asistencia técnica.

A porcentaxe concedida polo Fondo é do 80 ó 85% do gasto público. Isto é, unha porcentaxe de financiación moito máis elevada que a dos Fondos Estructurais. Os estudos preparatorios e as medidas de apoio técnico para a elaboración de proxectos poden incluso financiarse na súa totalidade, sobre todo se son postas en marcha a iniciativa da Comunidade Europea.

Tódolos proxectos financiados polo Fondo de Cohesión deben contribuír ó desenvolvemento económico global do Estado membro beneficiario e, ó mesmo tempo, á consolidación da cohesión económica e social da Unión. Deste xeito, dispúxose que os proxectos deben ter unha dimensión suficiente que lles permita incidir de forma significativa no sector da protección do medio ambiente ou na mellora das redes transeuropeas de infraestruturas de transporte, polo que, en principio, o custo de cada proxecto non pode ser inferior ós 10 millóns de ecus.

**Procedemento.** - A Comisión decidirá de común acordo co Estado membro beneficiario os proxectos que deban ser financiados polo Fondo de Cohesión. As solicitudes de axuda con arreglo ó artigo 2 serán presentadas polos Estados membros beneficiarios. Nas solicitudes deberán constar os datos seguintes: organismo responsable da execución, tipo de investimento, ubicación e custo, calendario de execución, plano de financiamento e suma total que o Estado membro solicita do Fondo. Para garantir a calidade dos proxectos aplicaranse os criterios seguintes: os seus beneficios económicos e sociais a medio prazo, que deberán ser proporcionais ós recursos empregados; a avaliación se efectuara mediante unha análise de custos e beneficios; as prioridades fixadas polos Estados membros beneficiarios; a contribución dos proxectos á execución das políticas comunitarias en materia de medio ambiente e de redes transeuropeas; a compatibilidade dos proxectos coas políticas comunitarias e a súa coherencia con outras medidas estruturais comunitarias; o logro dun axeitado equilibrio entre o sector medioambiental e o da infraestrutura do transporte.

A concesión da axuda está tamén supeditada a que exista por parte do beneficiario un auténtico esforzo por non deixar que se acumule un déficit público excesivo. O regulamento do Fondo de Cohesión impón un equilibrio “axeitado” entre a financiación de proxectos relativos ás infraestruturas de transporte e á financiación de proxectos ambientais.





## 2.1.4.- DESCRIPCIÓN DAS INICIATIVAS COMUNITARIAS

- Interreg II
- Pesca
- Adapt
- Resider II
- Rechar
- Retex II
- Emprego e recursos humanos

As iniciativas comunitarias son instrumentos específicos da política estrutural da Unión Europea propostos pola Comisión ós Estados membros co fin de reforzar a cohesión a través dun desenvolvemento económico e social máis equilibrado. Neste apartado faise unha somera descrición das iniciativas que teñen algunha incidencia en Galicia, os seus obxectivos e a súa importancia económica.

### **INTERREG II** **Iniciativa comunitaria para a cooperación transfronteiriza** **interior e exterior e creación de redes enerxéticas** **(1994-1999)**

**Base xurídica.-** Comunicación 94/C 180/13 (DOCE C 180, 1-VII-1994)  
Comunicación 96/C 200/07 (DOCE C 200, 10-VII-1996)

**Obxectivo.-** INTERREG II ten como obxectivo apoiar a Unión Europea e fortalecer a colaboración transfronteiriza dentro da Comunidade e coas rexións de terceiros países veciños, e coas rexións da Europa central e oriental especialmente, dunha banda, e implantar redes de transporte de enerxía seleccionadas.

**Información xeral.-** A Comisión tenta aplica as iniciativas INTERREG e REGEN integradas nunha soa iniciativa comunitaria, INTERREG II, que fomentará a cooperación transfronteiriza entre distintos países, e a creación de proxectos da iniciativa REGEN.

INTERREG II aplícase dende dúas perspectivas distintas:

A.- Cooperación transfronteiriza, con tres tipos de accións:

- 1.- planificación e aplicación conxunta de programas transfronteirizos
- 2.- aplicación de medidas que aumenten o fluxo de información a un e outro lado das fronteiras, e entre organismos públicos e/ou privados das rexións fronteirizas

3.- creación de estruturas comúns institucionais e administrativas que consoliden e aumenten a cooperación

As provincias españolas que poden presentar proxectos son Badajoz, Cáceres, Cádiz, Huelva, Melilla, OURENSE, PONTEVEDRA, Salamanca e Zamora

B.- Creación de redes enerxéticas: neste apartado un dos proxectos seleccionados pola Comisión foi a creación de enlaces entre as redes de distribución de gas portuguesa e española.

O 10 de xullo de 1996 a Comisión publicou unha Comunicación (DOCE C, 10-VII-96) ampliando INTERREG a un terceiro apartado, INTERREG II C, para proxectos de:

- ordenación territorial e medidas de cooperación transnacional
- ordenación territorial e prevención das inundacións
- ordenación territorial e loita contra a seca

**Procedemento.**- Os programas e proxectos operativos de INTERREG II son financiados conxuntamente polos Estados membros e a Comunidade, destiñándose o 75% dos recursos dispoñibles ás rexións do obxectivo 1. Tamén pode dispoñerse de préstamos do BEI e da CECA. Cada un dos Estados membros tiña catro meses para presentar os seus respectivos programas operativos, un por Estado, nesta Iniciativa.

INTERREG II pon o enfáse no requisito de que as medidas deben conlevar un elevado nivel de cooperación, especialmente no caso das fronteiras interiores. Deste xeito, é evidente que a participación das autoridades rexionais e locais e doutros axentes locais, incluídos os representantes das pequenas e medianas empresas (pemes), na elaboración e aplicación das medidas constitúe un factor esencial para o éxito das mesmas.

## PESCA

### Iniciativa comunitaria de reestruturación do sector pesqueiro (1995-1999)

**Base xurídica.**- Comunicación 94/ C 180/01 (DOCE C 180, 1-VII-1994)  
Convocatorias: DOCE 142/11, 14-V-96; DOCE 152/08, 21-V-97

**Obxectivo.**- A iniciativa ten como obxectivo lograr que o sector da pesca se atope en condicións de enfrontar con éxito a súa reconversión, axudando a supera-las consecuencias sociais e económicas e contribuíndo á diversificación das rexións afectadas mediante o desenvolvemento de actividades xeradoras de emprego.

A Comisión decidiu introducir PESCA no marco da actuación dos Fondos Estructurais e como complemento ós programas de iniciativa nacional (axudas tradicionais á reestruturación e modernización das empresas pesqueiras, axudas á reconversión socioeconómica das rexións costeiras ou axudas para a adaptación dos traballadores á reconversión industrial)

**Información xeral.**- O programa está pensado para empregarse nas Zonas Dependentes da Pesca no ámbito territorial do Obxectivo 1, principalmente, e reservándose o 15% do total para intervencións nas rexións obxectivo 2 e 5b. Para a Comisión, unha Zona Dependente da Pesca é unha cunca de emprego donde a contribución do sector pesqueiro (primario, secundario ou terciario) á actividade da zona (medida en termos de emprego ou de valor engadido) é de tal dimensión que as dificultades no dito sector dan lugar a reducións sensibles de actividade ou perdas de emprego, deteriorando gravemente o tecido socioeconómico.

Os posibles beneficiarios finais poden ser: actores colectivos, públicos ou privados (poboacións, cámaras de comercio); actores económicos individuais capaces de contribuir directamente á diversificación da actividade (empresas artesanais, pemes); outros colectivos afectados (cooperativas pesqueiras, confrarías); tripulacións e outros traballadores do sector pesqueiro.

As medidas elexibles pertencen a algunha das seguintes categorías:

- diversificación das actividades nas zonas elexibles: adaptación dos portos, axudas ás pemes, etc.
- servizos ás empresas: consultorios, transferencia de tecnoloxía, formación en marketing e xestión, etc
- mantemento ou creación de empregos: reciclaxe, formación de formadores, axudas á mobilidade xeográfica, etc
- enxeñería financeira: simplificación do acceso ós mercados de capitais, financiación en réxime de bonificación
- proxectos concretos de carácter xeral e/ou transnacional no sector pesqueiro: xestión común de pesquerías, cartografía, etc
- investimentos productivos no sector

**Procedemento.**-Os programas operativos son cofinanciados polo Estado membro interesado, a Comunidade e os posibles beneficiarios anteriormente mencionados. As axudas poden concederse en concepto de:

- subvencións globais a organismos establecidos in situ
- intervención directa dos interlocutores económicos e sociais
- establecemento dunha rede coa participación dos organismos xestores a fin de intercambiar informacións e experiencias
- financiación de proxectos concretos

## ADAPT

### Iniciativa comunitaria sobre emprego e adaptación dos traballadores ás transformacións industriais (1994-1999)

**Base xurídica.**- Comunicación 94/C 180/09 (DOCE C 180, 1-VII-1994)  
Comunicación 96/C 200/05 (DOCE C 200/05, 10-VII-1996)

**Obxectivo.**- A Iniciativa ADAPT pretende contribuir á adaptación dos traballadores ás transformacións industriais e á mellora do funcionamento do mercado de traballo para favorecer-lo crecemento, o emprego e a competitividade das empresas da UE. ADAPT aplícase en todo o territorio da Comunidade e finánciase a cargo do Fondo Social Europeo.

ADAPT consiste nun amplo programa de acción transnacional vinculado co novo obxectivo n. 4 dos Fondos Estructurais. A iniciativa ten como referencia básica o Libro sobre crecemento, competitividade e emprego e a súa actuación incide, dunha banda na readaptación profesional por medio de accións de asesoramento e orientación destinadas ós traballadores, e doutra, no fomento da cooperación entre centros de investigación, empresas, entidades educativas e poderes públicos.

En outubro de 1995, a Comisión decidiu o reparto da reserva presupostaria das iniciativas, o que supuso a inclusión dunha nova prioridade, denominada ADAPT-BIS (Building the Information

Society, ou construíndo a sociedade da información), para o período 1996-1999, que engade, ós obxectivos iniciais, algún máis:

- fomentar unha orientación práctica e un apoio ás persoas que participan na produción
- identificar as boas prácticas en canto á adaptación ás novas tecnoloxías
- fomentar a experimentación e difusión da experiencia en toda Europa, incluída a adquirida cos programas comunitarios de investigación

**Información xeral.**- As características máis específicas de ADAPT son:

- transnacionalidade, non soamente como filosofía, senón tamén como requisito indispensable para a selección de proxectos
- carácter innovador, referido ó seu contido, e caracterizado pola introducción de novas formas de organización da formación ou de novos sistemas de cooperación
- efecto multiplicador, un carácter exemplar que produza a aparición de novas accións e que mellore eventualmente as políticas de emprego e de formación dos Estados membros.

Os beneficiarios son prioritariamente os traballadores afectados polas mutacións industriais, ben sexan traballadores ocupados que corren o risco de quedar en paro ou ben traballadores que veñen de perder o seu emprego con motivo das restructuracións das súas empresas.

As principais **medidas** que comprende a Iniciativa son:

- formación, asesoramento e orientación: o seu obxecto é a mellora das cualificacións e das competencias dos traballadores, en particular as que están máis vencelladas ás novas tecnoloxías e os novos sistemas de produción. Neste sentido a principal diferenza de ADAPT cos programas do obxectivo 4 do Fondo Social Europeo, cos que comparte algunha característica común, é a importancia que se concede ó desenvolvemento da cooperación transnacional entre empresas, centros de formación, centros de investigación e axencias de desenvolvemento económico. Tamén hai que suliñar que os programas e accións de formación destináanse non soamente o conxunto do persoal das empresas, incluíndo directores e cadros, senón tamén ós empresarios, en particular de PEMES

- anticipación, fomento da creación de redes e novas oportunidades de emprego: faise fincapé na creación de redes transnacionais

- adaptación das estruturas e sistemas de apoio: consiste en medidas que teñen por obxecto a creación de estruturas de cooperación entre empresas nos campos de transferencia de tecnoloxía, desenvolvemento de estruturas de formación de formadores e fomento de intercambio deles, creación e xestión de estruturas de servizos con prestacións diversas (investigación, comercialización e deseño, información e asesoramento...)

- accións de información, difusión e sensibilización: accións destinadas a consolidar a eficacia do conxunto das medidas de ADAPT e a xerar efectos multiplicadores.

**Procedemento.**- As accións da Iniciativa ADAPT fináncianse conxuntamente pola Comunidade e os Estados membros, incluíndose entre estes últimos non soamente a aportación pública senón tamén a privada. Tamén se ofrece asistencia técnica a iniciativa dos Estados membros (servizos de consultorio, estudos, bases de datos, etc). O nivel de asistencia comunitaria ten que respetar o sinalado nos regulamentos dos Fondos Estructurais, excepto nos casos de asistencia técnica (100% do custo)

A selección dos proxectos corresponde ás autoridades competentes de cada Estado membro. En España ésta é a Unidade Administradora do Fondo Social Europeo. O seguemento e a avaliación de cada proxecto é responsabilidade conxunta da Comisión e dos Estados membros. Cada Estado dispón dun Comité de seguemento encargado de velar polo bo funcionamento do programa, e inclúe principalmente a representantes das Administracións Públicas, ós interlocutores sociais e ós responsables nacionais dos programas comunitarios.

## RESIDER II

### Iniciativa Comunitaria de reconversión económica das cuncas siderúrxicas (1994-1999)

**Base xurídica.**- Comunicación 94/C 180/07 (DOCE C 180, 1-VII-1994)

**Obxectivos.**- A Iniciativa RESIDER tenta contribuir á reconversión económica e social das rexións da Comunidade máis gravemente afectadas pola crise da siderurxia. Concedérase prioridade á mellora do medio ambiente, a promoción das novas actividades económicas e ó perfeccionamento dos recursos humanos.

**Información xeral.**- RESIDER II é a continuación do programa comunitario RESIDER, aprobado polo Consejo en 1988, que contribuiu con 272 millóns de ecus á reconversión económica e social das rexións da Comunidade máis gravemente afectadas pola crise da siderurxia. A axuda, préstamo ou subvencións, pódese conceder para a realización das seguintes medidas:

- mellora do medio ambiente nas zonas afectadas pola actividade mineira
- renovación e modernización de infraestruturas sociais e económicas (instalacións comunitarias, estradas, suministro de auga e electricidade) nas zonas siderúrxicas
- construción de factorías avanzadas e locais para talleres
- fomento das actividades económicas alternativas, en particular a creación ou desenvolvemento das PEME
- promoción de actividades turísticas
- creación ou intensificación da actividade de organismos de reconversión económica e desenvolvemento rexional
- fomento da formación profesional e de medidas de emprego para calqueira persoa
- bonificación de xuros nos préstamos CECA para investimentos en PEMES e para a recuperación de solo destinado a usos industriais
- axudas de reconversión conforme ó artigo 56 do Tratado CECA, en especial para formación profesional dos mineiros
- calquera outra medida que contribúa á reconversión económica das zonas afectadas, para a que se poden conceder préstamos do Bei

**Procedemento.**- A Comunidade financia o 15,86% dos investimentos totais; o resto é aportado polas respectivas autoridades nacionais e rexionais e o sector privado. A financiación da Comunidade proven do FEDER mailo do FSE.

No relativo á delimitación das zonas beneficiarias, ésta corresponde ós Estados membros, en contacto cos responsables da Comunidade. Para España, foron elexidos municipios pertencentes ás seguintes provincias: Asturias, Cantabria, Valencia, Bizcaia, Guipuzcoa, Navarra e A CORUÑA (FERROL, BETANZOS e NARÓN)

## RECHAR II

### Iniciativa Comunitaria de transformación económica de zonas mineiras do carbón (1994-1999)

**Base xurídica.**- Comunicación 94/C180/08 (DOCE C 180, 1-VII-1994)

**Obxectivos.**- A Iniciativa RECHAR II está destinado a facilitar e axudar á reconversión económica das zonas afectadas polo declive da industria do carbón e da extracción de lignito. O obxectivo principal do programa está destinado ás melloras medioambientais e impulsar novas actividades económicas, incluídas as actividades turísticas, ó mesmo tempo que se renovan e modernizan as infraestructuras das zonas cubertas polo programa.

**Información xeral.**- Na primeira serie de iniciativas comunitarias, a Comisión contribuíu co programa RECHAR á reconversión económica e social das rexións da Comunidade máis gravemente afectadas pola crise da industria do carbón.

A axuda comunitaria, en forma de préstamos ou de subvencións, poderán concederse para a realización das seguintes medidas:

- mellora do medio ambiente nas zonas afectadas pola actividade mineira
- renovación e modernización de infraestructuras sociais e económicas (instalacións comunitarias, estradas, suministro de auga e electricidade) nos pobos mineiros
- construción de factorías avanzadas e locais para talleres
- fomento das actividades económicas alternativas, en particular a creación ou desenvolvemento das PEME
- promoción de actividades turísticas
- creación ou intensificación da actividade de organismos de reconversión económica e desenvolvemento rexional
- fomento da formación profesional e de medidas de emprego para calqueira persoa
- bonificación de xuros nos préstamos CECA para investimentos en PEME e para a recuperación de solo destinado a usos industriais
- axudas de reconversión conforme ó artigo 56 do Tratado CECA, en especial para formación profesional dos mineiros
- calqueira outra medida que contribúa a reconversión económica das zonas afectadas, para a que se poden conceder préstamos do Bei

**Procedemento.**- A Comunidade financia o 57% do investimento total, mentras que o resto son facilitados polas autoridades, nacionais, rexionais ou locais, ademais de entidades privadas. A financiación da Comunidade proven do FEDER.

En outubro de 1995 a Comisión decidiu o reparto da reserva presupostaria das iniciativas o que supuso a prórroga das 4 iniciativas relacionadas con rexións en proceso de reconversión industrial (KONVER, RECHAR, RESIDER e RETEX) ata 1999, cunha dotación suplementaria global de 380 millóns de ecus. En España son elegibles unha serie de municipios das provincias de Asturias, Barcelona, Córdoba, A CORUÑA (AS PONTES e CERCEDA), León, Lleida, Palencia, Teruel e Zaragoza.

**RETEX II**  
**Iniciativa comunitaria relativa ás rexións que dependen**  
**estritamente do sector téxtil e da confección**  
**(1992-1997)**

**Base xurídica.**- Comunicación 92/C 142/04 (DOCE C 142, 4-VI-1992)  
 Comunicación 94/C 180/05 (orientacións 94/97)

**Obxectivos.**- RETEX II pretende acelerar a diversificación das actividades económicas nas rexións dependentes do sector téxtil co obxecto de reducir esa dependencia e facilitar a adaptación de empresas viables de tódolos sectores industriais.

**Información xeral.**- Os programas presentados polos Estados membros deben consistir nun conxunto equilibrado de medidas referidas a:

- mellora de coñecementos técnicos mediante a concesión de axudas ás empresas individuais para o financiamento do asesoramento externo e dos equipos necesarios
- axuda á creación de asociacións locais de empresas e outras accións de cooperación
- creación dun equipo de asesoramento encargado de acompañar á concesión de axudas ás empresas e na realización de auditorías das empresas e asesoramento no relativo a plans de modernización
- a contribución temporal para financiar honorarios dos técnicos encargados de aplicar plans de modernización
- as accións de formación profesional dirixidas ó persoal das empresas
- a ordenación de zonas industriais en declive, incluíndo a transformación de fábricas abandonadas
- a mellora do acceso das empresas ós capitais risco e ós préstamos

**Procedemento.**- As axudas concedidas pola Comisión poderán chegar ó 80% nas rexións do obxectivo 1 e ata o 20% nas zonas 2 e 5b. Ademais de estar incluídas nestes obxectivos, as rexións elegibles deben contar cun mínimo de 2000 postos de traballo no sector textil e éstos deben representar máis do 10% do emprego industrial da rexión.

**EMPREGO E DESENVOLVEMENTO DOS RECURSOS HUMANOS**  
**(1994-1999)**  
**NOW**

**Igualdade de Oportunidades para as Mulleres**

**Base xurídica.**- Comunicación 94/C 180/ 09 (DOCE C 180, 1-VII-1994)  
 Comunicación 96/C 200/ 05 (DOCE C 200/05, 10-VII-1996)

**Obxectivos.**- A Iniciativa Emprego e Desenvolvemento dos Recursos Humanos adoptou un enfoque integrador ó agrupar catro capítulos distintos con obxectivos interrelacionados

NOW ten como obxectivo axudar a reducir o desemprego das mulleres e mellora-la situación daquelas xa incluídas no mercado de traballo, mediante o fomento da igualdade de oportunidades. Ademais tenta favorecer o desenvolvemento de estratexias innovadoras co fin de facer fronte ás modificacións da organización do traballo e ás cambiantes esixencias laborais.

**Información xeral.**- Emprego-NOW basease na experiencia adquirida coa primeira iniciativa comunitaria NOW, posta en marcha en 1991. Os grupos ós que vai dirixida esta iniciativa ampliáronse un pouco co fin de dar cabida a determinadas categorías, como, por exemplo, mulleres desempregadas expostas á exclusión social, traballadoras ameazadas de desemprego, mulleres adicadas ó ensino ou que traballan no sector público. Ó igual que nos outros 3 capítulos de EMPREGO, faise maior fincapé na necesidade de modificar os sistemas de formación e emprego en xeral para adaptalos á necesidade das mulleres que ocupan un posto de traballo ou están a buscalo.

As medidas subvencionables son:

- o desenvolvemento, especialmente a través da cooperación transnacional, de sistemas axeitados de formación, orientación, asesoramento e emprego
- a oferta de plans de formación, en especial de carácter transnacional
- a creación de postos de traballo e o apoio á creación por parte das mulleres de pequenas empresas e cooperativas
- divulgación da información e accións de sensibilización, en especial a través da cooperación transnacional

A dimensión internacional desta iniciativa permite comparar diferentes realizacións, así como transferir coñecementos técnicos, experiencias e métodos de cooperación. Para garanti-lo máximo efecto multiplicador, préstase especial atención á mellora da formación do profesorado e da estrutura dos programas de formación, así como das metodoloxías e dos instrumentos.

**Procedemento.**- As accións desenvolvidas nesta iniciativa son financiadas conxuntamente polos Estados membros, a Comunidade e por empresas e outros organismos cando proceda. A distribución por recursos faise en base ó nivel de desemprego, así como a calidade das propostas presentadas. Tamén se ofrece asistencia técnica a iniciativa dos Estados membros (servicios de consultorio, estudos, bases de datos, etc.) O nivel de asistencia comunitaria respetará o sinalado nos regulamentos dos fondos estruturais, agás nos casos de asistencia técnica (100% do custo).

## **EMPREGO E DESENVOLVEMENTO DOS RECURSOS HUMANOS (1994-1999) HORIZON**

### **Mellora das Perspectivas de Emprego dos Minusválidos e doutros grupos desfavorecidos**

**Base xurídica.**- Comunicación 94/C 180/ 09 (DOCE C 180, 1-VII-1994)  
Comunicación 96/C 200/ 05 (DOCE C 200/05, 10-VII-1996)

**Obxectivos.**- O obxectivo do capítulo HORIZON, como parte da Iniciativa Emprego e Desenvolvemento dos Recursos Humanos, é fomentar medidas para mellora-lo acceso ó mercado laboral daqueles cidadáns que se atopan excluídos do mesmo ou corren o risco de quedar nesa situación, facendo especial énfase na dimensión internacional. Este capítulo adícase a persoas que non soamente están desempregadas, senón que ademais deben salvar importantes obstáculos para poder integrarse debido ó seu grado de marxinación.

**Información xeral.**- Emprego-HORIZON vai dirixido, dunha banda ós minusválidos e doutra banda, ós grupos desfavorecidos, como xoves en situación de alto risco de marxinación, drogadictos e persoas marxinadas, inmigrantes, refuxiados, ambulantes, persoas ailladas, familias monoparentais, persoas sen fogar, presos e ex-presos. Tamén forman parte deste grupo algúns desempregados de longa duración.

Dentro de Emprego-HORIZON pódense disfrutar axudas en distintos campos de actuación:

- creación de sistemas axeitados de formación, orientación, asesoramento e emprego, principalmente mediante cooperación internacional
- formación profesional impartida tanto a escala nacional como local, na que se dé importancia especial ó emprego de novos métodos
- creación de postos de traballo e axuda á posta en marcha de empresas, cooperativas e asociacións mixtas (públicas e privadas), principalmente a escala internacional
- campañas de información e sensibilización

O capítulo correspondente a HORIZON ten por obxecto potenciar outras medidas do obxectivo n. 3 dos Fondos Estructurais, en concreto facilitar a integración ocupacional de persoas expostas á exclusión do mercado laboral, centrándose especialmente nos minusválidos e outros grupos desfavorecidos.

**Procedemento.-** O procedemento para acceder ós fondos deste capítulo é similar ó sinalado para o capítulo NOW.

## EMPREGO E DESENVOLVEMENTO DOS RECURSOS HUMANOS (1994-1999) YOUTHSTART

### Fomento da integración dos xoves no mercado de traballo

**Base xurídica.-** Comunicación 94/C 180/ 09 (DOCE C 180, 1-VII-1994)  
Comunicación 96/C 200/ 05 (DOCE C 200/05, 10-VII-1996)

**Obxectivos.-** Parte tamén da Iniciativa Emprego e Desenvolvemento dos Recursos Humanos, o obxectivo do capítulo YOUTHSTART é potencia-las medidas destinadas a evita-lo desemprego xuvenil, sobre todo daqueles que, carecendo dunha formación básica axeitada, corren o risco de estar desempregados de por vida. Con este capítulo trátase de que tódolos xoves menores de 20 anos poidan ter acceso a un emprego ou a unha forma recoñecida de ensino ou formación profesional a tempo completo, incluídos a aprendizaxe ou outras formas de traballo e formación vinculadas entre si.

**Información xeral.-** Emprego-YOUTHSTART presta especial atención ós xoves que abandonan os estudos sen ter obtido un título ou a capacitación básica. Na medida do posible, as experiencias centráranse na industria e no sector servicios. Non obstante, tamén se aproveitan as enormes posibilidades de emprego que ofrecen os ámbitos do medio ambiente, a renovación urbana e o sector dos servicios sociais e a sanidade.

A base de YOUTHSTART son os programas operativos dos Estados membros elaborados dacordo coas súas necesidades e que, en caso de necesidade, poderán recibir axudas a través dos marcos comunitarios de apoio. Este capítulo serve para distribuir fondos máis limitados (o presuposto é de 300 millóns de ecus) pero con obxectivos moi precisos. Neste marco poden recibir axudas as medidas dirixidas a conseguir:

- o desenvolvemento de sistemas axeitados de formación, orientación, asesoramento e emprego, no sector público e privado, a fin de garantir a necesaria complementariedade con outras accións do FSE e co Programa LEONARDO
- a oferta de formación e colocación, en caso necesario sobre unha base transnacional, aproveitando sobre todo as accións piloto e a experiencia obtida en programas comunitarios relacionados
- o apoio á creación de postos de traballo, concretamente mediante a cooperación transnacional

- a divulgación da información e as accións de sensibilización, en especial sobre unha base transnacional

**Procedemento.**- O procedemento para acceder ós fondos deste capítulo é tamén similar ó sinalado para o capítulo NOW.

### EMPREGO E DESENVOLVEMENTO DOS RECURSOS HUMANOS (1994-1999) INTEGRA

**Mellora do acceso ó mercado de traballo e as posibilidades de emprego dos grupos vulnerables**

**Base xurídica.**- Comunicación 96/C 200/ 05 (DOCE C 200/05, 10-VII-1996)

**Obxectivos.**- O obxectivo do novo capítulo INTEGRA é promover medidas para mellora-lo acceso ó mercado de traballo e as posibilidades de emprego dos grupos vulnerables excluídos de él ou en perigo de quedar excluídos.

**Información xeral.**- A través de INTEGRA fináncianse prioritariamente os proxectos que ofrecen un conxunto integrado de medidas de formación e acompañamento e que teñan en conta as necesidades globais dos grupos e persoas destinatarias:

- o desenvolvemento de modelos, en especial a nivel transnacional, para mellorar a accesibilidade e a calidade de tódala gama de servizos público ofrecidos ós grupos vulnerables e persoas desfavorecidas, e para desenvolver capacidades básicas e enfoques locais a fin de fomentar a atribución de poderes a estes grupos destinatarios e a súa plena integración
  - a oferta de plans de formación, especialmente a través da cooperación transnacional
  - a creación de postos de traballo e apoio, en especial sobre unha base transnacional, á creación de empresas, cooperativas e asociacións entre organismos públicos e privados
  - a difusión da información e accións de sensibilización